

Colonias de aves mariñas nas Illas Estelas (Panxón, Nigrán)

ESTANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ

SITUACIÓN DAS ILLAS

O arquipélago das Estelas está constituído por dúas illas principais: a Estela de Mar ou de Fóra e a Estela de Terra ou de Dentro e polos illotes rochosos que a circundan, entre os que destacamos o grupo das Serralleiras como máis importante, dividido á súa vez en Serralleiras do Leste e Oeste.

Todas as illas están situadas ó oeste de Monte Ferro, Panxón (Nigrán), do que algunha vez formaron parte, e integradas na beira sur da ría de Vigo, pechando o arco setentrional que limita coa ría de Baiona.

ILLAS QUE INTEGRAN O ARQUIPÉLAGO

A Estela de Terra recibe este nome por estar, precisamente, máis próxima ó continente, afastada por unha canle estreita duns 500 m. chamada A Porta. Toda ela se atopa cuberta de vexetación. Predominan os toxais e as silveiras, polo que se fai difícil de percorrer por ser moi mesta e carecer de trillos. Ten unha lonxitude máxima de 463 m. e 363 m. de anchura. É practicamente inabordable por ser todo o perímetro rochoso ou acantilado, agás polo extremo sueste onde hai unha pequena praia.

A Estela de Mar, a máis afastada, atópase ó oeste da anterior e a uns 400 m de distancia. É máis pequena cá de Terra, pois a súa máxima lonxitude non excede os 300 m. de leste a oeste e ten outros tantos de norte a sur, sendo a súa figura a dun cadrado. A vexetación é toda ela herbácea, o que permite percorrela en tódalas direccións sen maiores problemas, aínda carecendo de trillos. Tanto nesta illa como na anterior, as escasas visitas non saen case nunca do recuncho areoso da praia.

Ambas Estelas carecen de arborado e de fontes, aínda que no inverno mana a auga por calquera sitio, dende as chairas ós cantís. Así e todo, no verán tan só nas furnas da parte norte da Estela de Terra zumegan unhas gotiñas de auga doce e fresca, que aproveitan os paxaros que as habitan para se bañar e beber.

Entre as dúas Estelas hai un paso ou canle estreito, sucio, en termos náuticos, chamado o Freu das Estelas, soamente apto para pequenas embarcacións que coñe-



E marcabamos os niños cunha flor de herba de namorar *Armeria marítima* para evita-la súa repetición. Niño de gaivota patiamarela coa súa posta máis normal: tres ovos e unha flor entre eles. (Foto: E. Fdez. de la Cigoña)

zan os arrecifes de pedra que proxecta a maior das illas sobre a pequena e que con moi bo tempo atravesan os barcos de pesca que coñecen as marcas perfectamente, pois con mala mar rompen as ondas en toda a súa extensión volvendo o paso impracticable.

A un quilómetro escaso ó norte da Estela de Mar atópase un grupo de penedos que se coñecen polas Serralleiras, e aínda que o “Derroteiro” (1) as chama illas non se lles pode considerar como tales, pois ó subir a marea fican enteiramente illados uns doutros. Sobre o petouto máis alto, ó que os mariñeiros din “A Pedra que Vole”, construíuse unha baliza de forma troncocónica, pintada en branco e de 6,5 m de altura que con outra das mesmas características situada no illote Boeiro das Cíes, balizan con seguridade a entrada sur da ría de Vigo. Estes petóns, que o mar cobre por enteiro durante os temporais, non albergan vexetación terrestre ningunha e, menos aínda, niños de aves.

RECALADA NAS ILLAS

Soamente se pode acceder a estas illas con moi boas condicións de mar, pois axiña as rompentes arrodean os puntos de acceso facéndoas inabordables. A de Terra ten na súa parte sueste unha pequena praia protexida do vento e da ondada, onde con precaución, xa que contén moita pedra, pódese fondear ou, mesmamente, varar. O mesmo sucede na Estela de Fóra, na pequena praia que se abre entre as rochas da punta sueste da illa, pero sempre resulta moito máis complicado o desembarco nesta última que na anterior, pois por estar máis cara ó mar aberto, as ondas do océano achéganse máis alporizadas e rompen practicamente en todas partes con moita violencia, de xeito que son contados os días nos que un pode desembarcar sen complicacións.

MATERIAL E MÉTODO EMPREGADO

Ás diversas illas que integran o arquipélago das Estelas fixen, nas últimas décadas, máis dunha ducia de visitas que intensifiquei dende que empezaron a aniñar

as gaivotas patiamarelas, primeiro na Estela de Mar e, logo, dous anos despois, na de Terra. Na maioría das veces fixen un reconto dos niños, o que me permite agora ter idea da súa evolución dende o comezo mesmo no que as aves se estableceron para aniñar.


Fixen os censos percorrendo as illas en tódalas direccións e contando os niños, segundo ían aparecendo ante os nosos ollos, un por un. Para non repetilos, marcábanse, normalmente, cunha flor de herba de namorar *Armeria maritima*, planta moi abundante, ou con anacos de polipropileno expandido, produto que o mar deixa na beira con moita frecuencia e que, debido ó seu pouco peso, o vento transporta bastante ó interior das mesmas illas.

De cada niño anotouse sempre que se puido a posta que contiña. Así, por exemplo, no serán do día 19 de maio de 2004, a última vez que fixen unha viaxe ó arquipélago, o total de niños censados na Estela de Mar acadou a cantidade de 177. Deles, 122 tiñan 3 ovos; 33 tiñan 2; 9, un e 13 atopábanse enteiramente baleiros. Tan só un poliño estaba a nacer no momento mesmo no que marcamos o niño, polo que a eclosión dos ovos non se tiña realizado aínda naquela data.

AS COLONIAS DE AVES MARIÑAS EXISTENTES

As Estelas, debido ó seu illamento, sempre foi un bo refuxio para as aves mariñas e de ribeira que atopan nelas un lugar de descanso e aprovisionamento. Tanto no inverno como no verán, corvos mariños, limícolas, anátidas, gaivotas e garzas fanse visibles nas súas ribeiras, ás veces en grande número, pero non crían nelas.

O corvo mariño cristado *Phalacrocorax aristotelis* ten nas illas Cíes e Ons as colonias de reprodución máis importantes de toda Galicia, pero nas Estelas non é máis que un visitante habitual. Bos pousadoiros, a xulgar polas moitas capas de guano que os cobren, atópanse na parte norte dunha e outra illa. A súa presenza fai que sempre extrememos a busca de posibles niños en fendas e covas dos cantís nos que rematan as Estelas naquela zona tan batida pola ondada, pero nunca fomos quen de dar cun niño desta especie de Pelecaniforme, polo que estamos seguros que a pesar da expansión tan grande que está a experimentar nos últimos anos, aínda non se decidiu a criar nestes territorios, pero non rexeitamos que o poida facer nun futuro, sobre todo na Estela de Mar, na parte norte ou occidental da mesma, onde pode atopar bos refuxios nas covas e fendas que se abren nos rochedos.



Os corvos mariños cristados *Phalacrocorax aristotelis* vense acolío nas illas Estelas, pero nunca fomos quen de atopar os seus niños. (Foto: E. Fdez. de la Cigüña)


A gaivota escura *Larus fuscus*, tamén con algunhas parellas espalladas ó longo das illas das Rías Baixas: Cíes, Onza, Ons, Sálvora, Sagres, etc., tampouco mostrou querencia por criar aquí e a presenza abundante de leiróns *Ratus sp.* impide a cría do paíño europeo *Hidrobates pelagicus*, a máis pequena das nosas aves mariñas e a última en ser descuberta por nós criando nas illas da nosa terra.

Polo tanto, entre as aves mariñas que crían na costa galega, unicamente atopamos niños pertencentes á gaivota patiamarela *Larus cachinnans*, que pasa por ser a máis frecuente entre as aves mariñas nidificantes do noso litoral, con colonias de cría moi numerosas nas illas Cíes, Onza, Ons, Sálvora, Sagres, Noro, Vionta, Herbosa, etc., por citar tan só as máis importantes e próximas ás illas Estelas.

EVOLUCIÓN DAS COLONIAS DE CRÍA. PRIMEIROS DATOS

Pero a antigüidade destas colonias reproductoras é cativa de máis e téñoa perfectamente rexistrada, datándoa nos comezos da década dos oitenta. Efectivamente, nas visitas que lles fixen ás illas dende o ano 1974, nas que as visitei pola primeira vez, ata 1982, non atopei nunca sinais de nidificación aparentes.

As gaivotas comezaron a criar, segundo as miñas notas, no ano 1982, facéndoo,



A gaivota patiamarela *Larus cachinnans* é a única ave que cría nas illas Estelas.
(Foto: E. Fdez. de la Cigoyña)

primeiramente, na Estela de Mar, que polo seu afastamento e complicada accesibilidade reunía unhas mellores condicións de seguridade para as aves, pois eran, e seguen a ser, moi poucos os que se aventuran a desembarcar nela. Pola contra, a Estela de Terra é bastante máis visitada, xa que ofrece unha mellor e máis grande praia de desembarco, que no verán chega a ter durante os días calorosos dúas

ou tres embarcacións pequenas de recreo que dende Panzón e Baiona veñen a pasar un día de lecer nun lugar “exótico”, tranquilo e, supostamente, desértico.

O PROGRESO DA NIDIFICACIÓN DA GAIVOTA PATIAMARELA

Nese ano, estamos a falar, polo tanto, do 1982 e concretamente o 25 de xullo, atopei os primeiros niños de gaivota, censando un total de 15, todos baleiros, pois a tempada de cría xa estaba superada e tan só un poliño atrasado era incapaz de levantar o voo.

Ó ano seguinte, adiantei a data da visita ás illas para achar ás aves durante a primeira fase da reprodución e fun o 28 de xuño. Pero ese ano, ignoro as circunstancias, foron poucas as parellas que fixeron o niño no cumio da Estela de Mar, pois soamente censei 8 niños e a maioría estaban baleiros, seguramente predados pola acción do home(2). Na Estela de Terra non criaron ese ano e tampouco o fixeron no seguinte, pois o 28 de xuño non atopei sinal ningún de nidificación cando a visitei. Fixérono, pola primeira vez, no ano 1984, onde o 22 de xullo achei un total de 16 niños. Dende entón, fixen unha serie de visitas ás illas para ver a evolución destas colonizacións, realizando distintos censos que crin oportuno reunir nun cadro, para conseguir unha mellor visión global da evolución das colonias reprodutoras desta especie mariña tan común no noso litoral.

CENSOS DE NIÑOS DE GAIVOTA PATIAMARELA NAS ESTELAS

| Data | I. Estela de Mar | I. Estela de Terra |
|---------|------------------|--------------------|
| 18.5.80 | Non criaron | Non criaron |
| 25.7.82 | 15 Niños | Non criaron |
| 28.6.83 | 8 niños | Non criaron |
| 22.7.84 | Non se censou | 16 niños |
| 16.6.85 | 41 niños | Non se censou |
| 1.8.93 | 55 niños | Non se censou |
| 1.8.93 | Non se censou | 59 niños |
| 20.5.03 | Non se censou | 127 niños |
| 19.5.04 | 177 niños | Non se censou |

Dedúcese, á vista do cadro, que o crecemento experimentado pola colonia de aves mariñas asentada nas illas principais do arquipélago das Estelas foi realmente espectacular, tanto nunha illa como noutra. Na de Fóra pasouse dos 15 niños iniciais de 1982 ós 177 niños do ano 2004, e na de Terra dos 16 niños iniciais do ano 1984 ós 127 niños do ano 2003, pois no 2004 non censamos esta illa. Resumindo, entre ambas illas a colonia reprodutora de gaivota patiamarela ascende, na actualidade, a un total de algo máis dos 300 niños.

ALGUNHAS CURIOSIDADES

Cada vez máis, as gaivotas das Estelas incorporan ós seus niños moito plástico, ben en forma de tiras procedentes de bolsas diversas ou de anacos de cordas sintéticas, que deixan cara ó exterior, para que se vexan ben, quizais como marca de identidade e diferenciación. Nun atopamos unha bola de papel de prata, procedente dun paquete de tabaco. Polo que o lixo, que tanto abunda en todas partes, comeza a ser parte decorativa dalgúns dos seus niños.

Na Estela de Terra, na visita que realicei o día 20 de maio de 2003, atopamos un niño situado na parte sur-occidental da illa, no que o contido consistía en dous ovos e unha cortiza redonda das usadas nas redes como flotador. Nos milleiros de niños de gaivota que levamos visto ó longo do litoral da península Ibérica, nunca achamos un caso coma este no que a parella incorpora ó propio niño un elemento alleo e adóptao coma se fose un ovo máis da posta a chocar. Tampouco coñecemos bibliografía na que se relate un caso semellante ó que estamos a comentar.

NOTAS

- 1 O "Derroteiro" é o libro oficial que levan na ponte os barcos para o recoñecemento da costa e os seus perigos.
- 2 Soe acontecer que nos primeiros anos nos que as gaivotas comezan a criar nunha determinada illa as postas sonlle roubadas sistematicamente. Despois, a xente, mariñeiros e excursionistas, fanse á súa presenza e déixanas en paz, posto que os ovos que apañan, a inmensa maioría deles xa co embrión adiantado no seu desenvolvemento, non son susceptibles de ser utilizados en alimentación.